Boletín Universidade LABORAL

xuño 2018
nº 9

boletin@ulaboral.eu

Alumnado do CS de Enerxías Renovables na Central Hidroeléctrica do Eume

CICLO DE AAFD, MÓDULO DE ANIMACIÓN E DINÁMICA DE GRUPOS, 1º CURSO

BINGO MOTÓRICO NO CENTRO DE DÍA DE MONDEGO (SADA) PARA A 3ª IDADE

O mércores 28 de febreiro, dentro do módulo de *Animación e dinámica de grupos, os alumnos e alumnas de 1º do ciclo de AAFD* fomos realizar unha actividade de animación para os residentes do Centro de Día para a 3ª idade de Mondego, en Sada. Consistiu nun **BINGO MOTÓRICO**, no cal á dinámica do bingo normal, engadímoslle que cada número levaba asociado un xogo que facían todos aqueles que o tiveran no seu cartón.

Fabricamos nós mesmos todo o bingo: o bombo cunha lámpada redonda que forramos e manipulamos, as bólas con pelotas de tenis de mesa que fomos numerando, os cartóns… e ensaiamos o xogo na clase entre nós. A preparación foi moi laboriosa e necesitamos grandes doses de motivación, porque se trataba dun sector de poboación co que non estamos habituados a traballar.

Porén, a experiencia resultou moi positiva; os residentes desfrutaron moitísimo da tarde de xogos e nós tamén o pasamos moi ben con eles. Ademais de ser moi interesante de cara á nosa formación, foi una experiencia moi gratificante.

Recollemos aquí comentarios feitos polos propios alumnos e alumnas na súa valoración da actividade:

Sen dúbida repetiríao, sempre me quedará gravado o que dixo un usuario: "grazas a vós podemos sorrir outra vez, os mozos sodes alegría". Cousas como esta anímanche a seguir cara adiante e a motivarte para seguintes proxectos ou camiños que nos poñerá a vida."

Foi emocionante ver a súa cara de felicidade e escoitar que nos daban as grazas tantas veces por elixir pasar una mañá con eles.

Igual ca eles o pasaron ben coa actividade, creo que os meus compañeiros e eu tamén a gozamos.

Persoalmente creo que saíu perfecto o proxecto, preparámolo moi ben e a animación foi en todo momento positiva.

O traballo previo realizado na clase coa selección dos xogos así como a posterior execución dos ensaios das presentación, foi a parte máis ardua da actividade(...). Aínda que é certo que o traballo por grupos reducidos nas chamadas comisións resultou ser bastante ameno.

Cando se propuxo esta actividade, pensei que ía ser unha das peores experiencias da miña vida, pero resultou que acabou sendo das mellores, ensinándome como unhas horas do noso tempo pode facilitarlle a vida a alguén.

Saín do centro de día para a 3ª Idade de Mondego (Sada) cun sorriso na cara e cunha gran experiencia que non esquecerei.

Foi unha experiencia moi satisfactoria e de gran axuda para a nosa formación como técnicos de animación deportiva.

“Cando souben que o proxecto desta avaliación era ir a un Centro de Día da 3ª idade, crin que sería un "rollo" (...).
Pero na súa preparación fun implicándome nel, buscando os xogos que mellor se adaptasen para facerlles pasar un tempo agradable.
E cando chegou o día, antes de entrar seguía pensando que non me ía gustar, pero levabamos todo tan preparado que era difícil que algo fallase.
Ao chegar fomos buscalos aos seus sitios para levalos ao lugar onde ían xogar connosco. Víaselles ilusionados porque lles axudásemos e porque estivésemos alí con eles. Empezamos a preguntarlles os nomes e demais e xa comezamos a ter conversacións con eles.

Cando iniciamos o bingo e co desenvolvemento dos xogos, pareceume que tiña un pensamento equivocado ao principio do proxecto. En realidade si que me gustou estar alí con eles, velos xogar, axudarlles e ver como sorrían cando facían ben o xogo, cando lles saía o número do bingo, cando te achegabas a eles e os axudabas…
Podo dicir que me gustou moito esta experiencia, que repetiría sen dubidalo e que estou moi orgullosa de min e do noso traballo.”

“A miña maior sorpresa non foi outra que a implicación do grupo de anciáns. Cando nos comentabas en clase que lles ía facer moita ilusión e íanse a involucrar ao 100%, non o cría. (...). Con todo, alí puiden ver como a alegría inundaba as súas caras e que estabamos prestando un servizo moi útil e positivo.
Vin como a gañadora do bingo case rompe a chorar cando se lle entregou o diploma, do mesmo xeito que señor que estaba con Javi, cando lle preguntei si o pasara ben e respondeume simple e contundentemente con bágoas nos seus ollos.”

DESCUBRIENDO LA HISPANIA ROMANA

La pasada primavera, los alumnos de humanidades de 2º de Bachillerato hicieron un viaje cultural, organizado por el departamento de latín, para ver de cerca cómo era el modo de vida, costumbres urbanismo y arquitectura de la Hispania romana del noroeste peninsular. En la villa romana de La Olmeda pudimos contemplar sus espectaculares mosaicos. También visitamos el León romano, Astorga y el centro de interpretación de la muralla de Lugo , El viaje resultó interesante, a pesar del frío, incluso, dio tiempo a pasear por las cloacas romanas de Astorga. Fueron dos días de cultura pero también de convivencia, de los que, sin duda queda un buen recuerdo.

VISITA Á FEIRA DA ENERXÍA EN SILLEDA

Visita á Feira da Enerxía de Silleda co alumnado de 1° CM instalaciones frigoríficas e climatización, 1° e 2° CS Eficiencia Enerxética e 1° CS Enerxías Renovables.

Esta feira bianual está orientada tanto a profesionais como a estudantes do sector, con impartición de xornadas técnicas e coa representación de numerosas empresas relacionadas coa eficiencia enerxética, bioclimatización, seguridade industrial, ecoconstrución, equipos para instalacións electrónica industrial e automatización. Entre os diversos stands especializados tamén estaba o IES Universidad Laboral en representacion da Consellería de Educación, amosando aos visitantes a Blower Door, que permite a análise de perdas enerxéticas por infiltración de aire.

O alumnado tamén puido conducir vehículos eléctricos e incluso desfrutar dunha demostración de maxia. Unha xornada de formación e información, na que puidemos observar as últimas novedades do mercado

FESTIVAL DA FRANCOFONÍA

O alumnado de 1º de Bacharelato participou no Festival da Francofonía, que ten lugar, como vén sendo habitual, en Vilanova de Arousa. Aloia, Helena, Marina e Misael interpretaron a célebre canción de Édith Piaff "Je ne veux pas travailler", ao igual que moitos máis centros de toda Galicia, que aproveitaron esta ocasión para desfrutar e presumir da súa paixón pola lingua de Molière.

Vive la musique française!!!!

DÍA DA CIENCIA NA RÚA

Como cada ano o noso IES participou na Día da Ciencia na rúa, instalando a súa "*haima*" na que os asistentes puideron escoitar as explicacións científicas dos nosos alumnos e alumnas. Este ano xunto á participación xa habitual do alumnado de Bacharelato, sumáronse alumnos de Ciclos Formativos das familias de Electricidade e Electrónica e Instalación e Mantemento. A festa durou todo o día para desfrute de toda a rapazada que encheu o parque de Santa Margarida.

MAÑÁ MÁXICA

Grazas ao Concello de Culleredo, o alumnado de FP básica desfrutou dunha mañá chea de maxia co mago Antón.

PROGRAMA "DILLE K NON"

O IES Universidade Laboral participa no Programa "Dille k non", de prevención de drogodependencias, que organiza a Fundación Barrié en colaboración coa UTE do centro penitenciario de Teixeiro. Tras unha pequena representación teatral, o noso alumnado participou nun coloquio con 5 reclusos que compartiron as súas experiencias vitais con nós.

PREMIOS A PROXECTOS DE INNOVACIÓN NA FP

O alumnado dos ciclos de Formación Profesional Básica de Electricidade e de Fabricación Mecánica gañaron un Premio de Innovación co Proxecto de Montaxe, Refrixeración e domotización dunha neveira mediante software e hardware libre.

Este proxecto desenvólvese en colaboración co IES Terra de Soneira de Vimianzo, que orientou ao noso alumnado no seu proxecto empresarial co *márketing* e a xestión de Recursos Humanos.

O departamento de Enerxía e auga vén de recibir por parte da Consellería de Educación un premio a proxectos de innovación na FP, polo seu proxecto "Mobilidade renovable", en colaboración co IES San Clemente de Santiago.

Trátase de deseñar e construír unha instalación de enerxía solar fotovoltaica no noso centro, que alimente a cargadores de vehículos eléctricos, xestionada por unha aplicación móbil propia.

Calquera membro da comunidade educativa poderá rexistrarse e solicitar quendas de recarga dos seus vehículos eléctricos. Esta recarga será gratuíta tanto para o usuario como para o centro, xa que a enerxía será xerada pola instalación fotovoltaica a partir da radiación solar. Desta forma, ademais, estaremos favorecendo a mobilidade realmente a partir de fontes renovables.

XV Concurso de Xóvenes Instaladores

O pasado 6 de xuño celebrouse no IES As Mariñas de Betanzos a fase provincial do XV Concurso de Xóvenes Instaladores, organizado por ASINEC (Asociación Provincial de Industriais Electricistas e de Telecomunicacións da Coruña) e no que participou o noso alumno de FP Básica Pablo Sánchez Abad que competiu con alumnos de Ciclos Medios e Superiores de Institutos de FP da Coruña, Santiago e Betanzos.

Hai que destacar que a pesar da diferenza de nivel educativo cos outros participantes, Pablo realizou unha proba cun resultado máis que satisfactorio. Para lograr este obxectivo estivo preparándose xunto con dous compañeiros mais durante o terceiro trimestre, dedicándolle semanalmente tres horas que tiña libres no seu horario.

A xornada comezou cunha proba teórica na que os participantes tiveron que mostrar o seu coñecemento da regulamentación vixente en telecomunicacións e instalacións eléctricas.

Continuaron coa proba práctica na que, nun prazo máximo de cinco horas, fixeron unha simulación de instalación eléctrica e de telecomunicacións dunha vivenda. Tratouse este ano dunha proba na que tiñan que instalar un cadro eléctrico con iluminación, emerxencia, tomas de corrente e persiana eléctrica. Tamén instalaron unha toma informática e outra de televisión.

O xurado valorou o funcionamento das instalacións e a seguridade destas, ademais de ter en conta a disposición de elementos, a súa fidelidade respecto ao deseño orixinal, a orde e o método de traballo, a limpeza e o consumo de material.

Visita a subestación de Alcoa

O pasado 16 de maio o alumnado de primeiro do Ciclo Superior de Enerxías Renovables acudiron a visitar a subestación que ten Alcoa na súa planta da Coruña. Dentro do ciclo un dos módulos é o de Subestacións Eléctricas, polo que resulta moi interesante que logo de ter estudado as ditas instalacións poidamos ver unha subestación real en funcionamento.

O primeiro que visitamos foi a sala de control, vimos como desde diferentes pantallas se fai o seguimento do que está a acontecer na subestación, con representacións dos esquemas eléctricos e lecturas procedentes dos diversos sensores e dispositivos repartidos pola instalación. Detalláronnos tamén como dende os paneis de control se pode facer o control en remoto dos dispositivos da subestacións.

Previa dos EPI correspondentes, percorremos a subestación co seu responsable, Alberto Carvajal, que nos explicou dunha forma moi dinámica todas as partes da subestación e aclarou todas as dúbidas que nos xurdiron.

Durante o percorrido pola subestación fomos identificando a diferentes partes e a aparamenta que estudamos ao longo do curso.

FP Innova 2018

Congreso de Innovación na Formación Profesional

Os pasados días 25, 26 e 27 de abril celebrouse na Cidade da Cultura a teceira edición de FP Innova 2018 (Congreso de Innovación na Formación Profesional). O propósito deste congreso é dar a coñecer as potencialidades da ensinanza de FP a nivel de innovación, competitividade, empregabilidade e uso social. A grande novidade deste ano foi a presenza dun robot chamado Novi (feito por alumnado de FP) que se converteu no encargado de recibir aos visitantes nada máis acceder ao recinto.

O noso centro participou con dous *stands*. Un deles do **proxecto Sensoralia,** premiado na categoría de proxectos de innovación educativa e outro do proxecto de **miniempresa Edukart.**

Sensoralia é un proxecto que consiste en deseñar e montar sensores en *hardware* e *software* libre para a medición de variables de eficiencia enerxética como temperatura, humidade, son...O traballo foi desenvolvido polo departamento de Enerxía e Auga do IES Universidade Laboral en colaboración co IES San Clemente.

Edukart é un proxecto de miniempresa (en forma de cooperativa) levado a cabo polo alumnado do FP básica de Fabricación e Montaxe do noso centro. Ten como obxecto o aluguer de karts e circuítos de educación vial feitos pol@s cooperativistas empregando material de refugallo.

Ademais de ser un dos 25 centros que participaron na exposición dos seus proxectos, @s nos@s alumn@s tamén acudiron como visitantes. Alí puideron ver proxectos innovadores relacionados coas máis diversas familias profesionais así como participar en obradoiros (de robótica, impresión 3D, electrónica, fabricación de drons, madeira, artes gráficas, estética, hostalaría ou industrias alimentarias...)

Empredemento na FP

O IES Universidade Laboral participou este curso no programa de Repsol de Empredemento na FP desenvolvido dende Outubro 2017 a Marzo 2018. O primeiro paso foi unha charla de motivación impartida no noso centro na que contamos coa presenza de Iván Dobarro (coordinador de emprendemento en FP Coruña) e Pablo Campos (enxeñeiro galego con experiencia en Google). Nesta charla presentouse o programa, falouse de casos reais de emprendemento e animouse ao alumnado a participar.

Un grupo de alumnos de distintos ciclos (Enerxías Renovables, Eficiencia Enerxética e Enerxía Solar Térmica, Mecatrónica Industrial, Sistemas Electrotécnicos e Automatizados .....) decidiron apuntarse no programa e acudiron a un Hackaton de ideas no IES Someso no que se seleccionou ao líder do noso centro, Christian Garrido Corral (alumno de 1º do Ciclo Superior de Enerxías Renovables).

Como líder do equipo, Christian acudiu á Formación de formadores que consistiu nunha serie de obradoiros nos que se traballaron, entre outros, temas como liderado, xestión de equipos, creatividade, design thinking, modelos de negocio, validación do modelo de negocio, finanzas para emprendedores, *marketing,* marca... Unha vez constituídos os equipos (formados polo líder e os demais compañeiros) comenzouse a traballar na fase de ideación, co obxectivo de xerar ideas de negocio, formular o modelo de negocio co método Canvas, validar fronte a potenciais clientes e aprender a comunicalo. Nesta parte do traballo o alumnado participante contou coa axuda dos voluntarios de Repsol e do profesorado do centro. O equipo do IES Universidade Laboral presentou o proxecto Movitrailer.

Movitrailer é unha unidade móbil (autobús extensible) acondicionado para publicidade empregando a técnica dos hologramas. Este servizo iría destinado a empresas de produtos audiovisuais (películas, series, videoxogos...) que quixeran chegar ao cliente final dun xeito más eficaz.
O día 13 de marzo celebrouse no complexo industrial de Repsol o Demo Day no que os distintos centros participantes presentaron os seus traballos. Aínda que os nosos alumnos non puideron traer o premio deixaron o pavillón ben alto... **Parabéns polo gran traballo!**

CHARLA EFICIENCIA ENERXÉTICA.
UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
UNIDOS NUN MESMO OBXECTIVO

CHARLAS TÉCNICAS PARA O ALUMNADO DO CICLO DE FÚTBOL

Borja Jiménez Sáez adestrador de fútbol na tempada 17/18 no Rápido de Bouzas de 2° B impartiu unha charla sobre a análise do xogo e as accións a balón parado.

OBRADOIROS

O alumnado de FP básica, en colaboración co Concello e ACLAD, participa nun **obradoiro de prevención de adiccións**

OBRADOIROS

O alumnado de 1º de BAC, participou nun **Obradoiro de Prevención de Enfermidades Mentais**.
Na actividade colaborou a Asociación Xaruma

O noso alumnado de FP básica participou nunha charla sobre os **riscos e adiccións as novas tecnoloxías.**

OBRADOIROS

O alumnado de 1º de FP Básica e de 1º de Ciclos Medios do noso centro participaron no **obradoiro "Aprender a emprender"** impartido por Alejandra Sánchez.
A actividade forma parte do programa de fomento do emprendemento Lanzadeiras, desenvolvido pola Consellería de Educación e Alcoa

ALMORZO CHEO DE FROITA E SAÚDE

O alumnado de 1º do Ciclo Superior de Animación Deportiva promocionou os almorzos saudables repartindo un colorido e apetecible vasiño con froita de tempada entre alumnado e persoal do centro.
Que bo ese almorzo! Cando repetimos?.

DÍA DE LA EDUCACIÓN FÍSICA EN LA CALLE

Más de 400 alumnos del colegio Isaac Díaz Pardo y de los institutos Eduardo Blanco Amor y Rego de Trabe de Culleredo celebraron ayer el Día de la Educación Física en la Calle, una iniciativa a nivel estatal de los Colegios Profesionales de Educación Física que busca promover una vida activa como hábito saludable. El Díaz Pardo realizó una actividad de orientación en el paseo del río Trabe mientras que los institutos realizaron un circuito físico en el paseo marítimo de O Burgo. **Las pruebas que afrontaron los estudiantes estuvieron ejecutadas por alumnos de la Universidad Laboral.**

ZUMBA

O alumnado do CS de Animación Deportiva está empeñado en que fagamos deporte e teñamos hábitos saudables. Así que nos convidaron a unha sesión de zumba no recreo e cun pequeno petisco para repoñer forzas. Alí estivemos, dándoo todo!

CICLOS DEPARTAMENTO EDUCACIÓN FÍSICA

O Departamento de Educación Física oferta os ciclos formativos seguintes:

Ciclo de Técnico Deportivo en Fútbol (grao medio)
Ciclo de Técnico Deportivo Superior en Fútbol (grao superior)
Ciclo de Técnico en Animación de Actividades Físicas e Deportivas.

Os ciclos de fútbol habilitan para adestrar calquera equipo nas diferentes categorías existentes, levar a preparación física ou *labores de scauting.*

O ciclo de Animación Deportiva ten un abanico de saídas máis amplo, os titulados poden exercer como monitores deportivos en ximnasios, campamentos, actividades extraescolares, clubes, centros hosteleros, etc..

No caso de facer os ciclos de grao superior, tense acceso a estudos universitarios.

No centro dispoñemos de instalacións deportivas de alto nivel para desenvolver a docencia e contamos coa colaboración de múltiples empresas e clubes deportivos de distintos ámbitos onde o noso alumnado realiza as prácticas correspondentes.

O EDLG ENTREGA OS PREMIOS DE FOTOGRAFÍA CON MOTIVO DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Os premiados deste ano no concurso que organizou o Equipo de Dinamización de Lingua Galega son:

Foto Artística:

1º - Breixo Domínguez - "Fillos do océano"
2º - Esperanza Moreno Parcero - "Ceo"
3º - Lía LosadaPrieto - "Vaca"

Foto con texto:

1º - Raúl Rial Cristos - "Noite Meiga"
2º - Raúl Rial Cristos -"Boina"



CONCERTO DE SÉS

O EDLG organizou o pasado días 24 de maio, xunto co Concello de Culleredo, un concerto da cantautora Sés como parte da celebración do Día das Letras Galegas.

A cantareira (coma ela mesma se define) interpretou parte do seu repertorio, mesturando rancheiras con boleros, atrevéndose con todo tipo de música e aproveitando para facer chegar o seu discurso reivindicativo. Dixo ben alto non á violencia, non á censura, non a permanecer calados. Grazas por axudarnos a espertar o pensamento crítico. Recordade o que berrou: non penses coma min, pero PENSA!! Grande e brava Sés!

CEREMONIA DE GRADUACIÓN DE 2º DE BACHILLERATO

El pasado 18 de Mayo se celebró en nuestro centro el acto de graduación de nuestro alumnado de 2º de Bachillerato en una ceremonia en la que estuvieron acompañados de sus familias. Tras su emocionante entrada al salón de actos elegantemente vestidos, se tuvo lugar la lectura de discursos por parte del director, del alcalde de Culerredo, de la profesora Fernanda Silva, recientemente jubilada y de los propios alumnos. Discursos todos ellos cargados de emotividad, en los que se ha recordado su paso por el centro así como se ha hecho mención de la nueva etapa que inician. El acto estuvo amenizado por variadas actuaciones musicales y de danza protagonizadas por nuestros alumnos. Dicha celebración se cerró con la entrega de las orlas, para pasar posteriormente a degustar un ágape todos juntos en el gimnasio del centro, alegremente decorado para la ocasión. ¡ Muchas felicidades a todos!

IES UNIVERSIDADE LABORAL
BACHARELATO
PROMOCIÓN 2018

“ VI Certamen de discurso subversivo Guillermo Domínguez”



Este ensaio de Sofía Fariña, alumna de 1º BAC-A, acadou o 2º premio no “ VI Certamen de discurso subversivo Guillermo Domínguez” .

Alguén nos pode sacar a liberdade?

Que é realmente a liberdade?

“Liberdade é a facultade ou capacidade do ser humano de actuar ou non actuar segundo o seu criterio e vontade. Liberdade é tamén o **estado ou a condición** en que se encontra unha persoa que non se acha prisioneira, coaccionada ou sometida a outra. Utilízase esta palabra para referirse tamén á facultade que teñen os cidadáns dun país de actuar ou non actuar seguindo a súa vontade, sempre que estea dentro do que establece a lei.

A liberdade é un dereito que parece obvio, presente nas nosas vidas. Facemos o que realmente queremos e aínda que unha persoa estea aprisionada fisicamente, a súa liberdade de pensamento fica intacta, podemos elixir o que facer ou polo menos o que pensar, como enfrontarnos ás situacións aínda que os condicionamentos nos abafen. Segundo Sartre “estamos condenados a ser libres”. Todo o tempo temos que tomar decisións que nos afectan, que tamén afectan ao mundo que nos arrodea. Somos responsábeis da nosa vida, do que creamos e destruímos. Mais que pasa cando a sociedade nos coacciona para que actuemos de determinada forma? Somos realmente libres?

As eleccións decidímolas nós, aínda que o resto inflúa. Decides a quen escoitas e o que facer, é a túa liberdade. A frase de Sartre non é completamente certa, estou de acordo co concepto de que na vida estamos constantemente escollendo, mais non creo que esteamos condenados a ser libres. Estamos condenados a elixir e iso non sempre é ser libre.

Paulo Freire afirma que “somos seres condicionados mais non determinados”.

Aínda que ás veces hai situacións que nos condicionan tanto que acaban determinándonos. Non podemos elixir nacionalidade, aniversario, familia, situacións, aparencia, sexo, etc. Pero se unha condición me determina? Se algo que está totalmente fóra do meu control me elixe un camiño? Algo tan aleatorio como o lugar de nacemento pode arruinar ou impulsar a miña vida. Nalgunhas situación non hai nada que escoller, non sempre hai opcións, ás veces só hai un camiño para seguir.

<u>Posmodernidade e tecnoloxía</u>

O filósofo Slavoj Žižek expón que na nosa sociedade posmoderna estamos obrigados a gozar. O gozo transfórmase nunha especie de obriga pervertida. Estamos dirixidos pola autoridade social como suxeitos de pracer. Todos queremos as mesmas cousas, todos procuramos a felicidade nas cousas e ninguén parece ser certamentete feliz.

O ser humano é un ser social. Aféctanos o que os outros digan de nós de maior a menor grao, polo tanto estamos arreo preocupados por non dicir o errado, non vestirse mal, non actuar diferente para que non te xulguen, esquecer a túa propia opinión entre a multitude de persoas alleas a ti. É como se non existise a liberdade de elixir porque non a utilizamos deixando que a túa mente e os outros che impoñan as regras non ditas da sociedade. Somos libres, mais a nosa liberdade é falsa. As nosas accións están predeterminadas. Impónsenos unha ideoloxía de consumo da que é moi difícil saírmos. Non só iso, senón que é na nosa relación espontánea coa contorna social, como percibimos o seu significado.

Saírmos da ideoloxía é doloroso porque estamos cómodos nela. Hai que ser forzado a saír. A liberación é dolorosa porque pode destruír moitos dos nosos soños. Se se confía no sentido de benestar nunca se pode ser libre. A verdadeira liberdade é dubidar de todo o que é presentado perante nós pola ideoloxía hexemónica, dubidar todo incluíndo a noción de liberdade. Abofé que non nos poden sacar a nosa liberdade mental, mais si nos poden afectar de tal xeito que nós mesmos nos vaiamos limitando até chegarmos ao punto de que non teñamos liberdade. Alén diso, unha grande parte das persoas están limitadas na súa liberdade. Sermos completamente libres é case imposíbel, especialmente neste momento histórico no que nos vemos influenciados por persoas que nin sequera coñecemos en distintas partes do mundo.

Cando decidimos non pensar, perdemos a liberdade. O coñecemento está estruturado por dispositivos políticos. Non hai coñecemento neutral, e a neutralidade do coñecemento é en si mesma unha posición política. É importante decatármonos destes feitos para podermos estar menos condicionados, pensarmos pola nosa conta.

Temos unha pequena marxe de liberdade para decidirmos o que facer, non prexudicar ao outro ou si. Mais cando

sabemos moi ben o que facemos e, porén, seguimos facéndoo, cáese no determinismo, pensando que as cousas son así e non poden mudar. Se alguén sabe que algo está mal e pode non elixilo, por que o continúa facendo coa desculpa de que as súas circunstancias obxectivas o condicionan? Hai industrias téxtiles que explotan aos seus empregados, todas as persoas o saben, mais a xente que sabe isto segue consumindo os seus produtos.

Téntase xustificar o consumo dicindo que a situación das persoas explotadas é inmellorábel. Pensar que "alguén tiña que facelo" leva a un consenso colectivo. Na realidade isto ten que ver coa banalidade do mal e a deshumanización das persoas.

Hannah Arendt e a banalidade do mal

A publicidade bombardéanos todo o tempo con mensaxes manipuladoras (*obedece, sé politicamente correcto, non fumes, come san). Seremos abofé libres cando xulguemos a opinión de todos sen prejuízos impostos pola ideoloxía dominante do noso tempo.*

No libro "Eichmann en Xerusalén", un libro de Hannah Arendt, esta muller conta a experiencia da Segunda Guerra Mundial que ela viviu. Era xudía, foi perseguida, mais conseguiu fuxir dos nazis.

En 1961 iniciouse un xuízo contra Adolf Eichmann, oficial encargado da loxística de transportes aos campos de concentración, culpábel de xenocidio. O xuízo en realidade tiña outro propósito, xa que se transmitiu a nivel global. Todo o mundo estaba pendente del. Tiña máis a ver con dar un exemplo a todo o mundo, xulgando a unha das persoas responsábeis quince anos despois da guerra. Tocaba o peor do que somos. Hannah realizou unha cobertura do xuízo. Non estaba de acordo co modo en que se quería facer o xuízo. Analizando o xeito en que se defendeu Eichmann entendeu algo distinto para explicar a natureza do mal.

A defensa do oficial nazi consistía en teimar na idea de que el só estaba cumprindo ordes e non era un fanático antisemita. O responsábel da morte de millóns de xudeus era unha persoa común que seguía ordes sen cuestionar a autoridade.

Cualificando de "inhumano" o mal radical, o inxustificábel, utilizamos a nosa razón para xustificalo todo e expiar a culpa. Mostramos a nosa debilidade, ao procurarmos unha explicación. En realidade procúrase seguridade. Non poderiamos soportar que un humano sexa responsábel de algo tan monstroso, mais non hai outro ser que faga cousas tan inhumanas como os propios humanos.

Hai moitos experimentos que demostran a banalidade do mal, como o experimento de Milgram. Consistía en facerlle crer a unha persoa que estaba dando descargas eléctricas a un actor, mediante un xerador de descargas falso, que só producía ruído. Aínda que o actor rogara que non o electrocutaran, os suxeitos seguían as ordes da autoridade falsa, e aínda que lles aseguraban que non o estaban facendo mal, as persoas non o cuestionaban.

O que descobre Hannah é un ser insignificante, pequeno. O que quería era cobrar máis, ser un bo empregado, seguir as ordes do xefe. Os homes comúns son máis perigosos que os monstros. Procuran a realización en pequenos feitos que opacan as consecuencias que podan causar. Acostumamos pensar que os que cometen o mal teñen intencións malas, que ser malo é querer facer o mal, mais a motivación pode ser a máis radical banalidade, como pode ser ascender laboralmente ou comprar uns pantalóns. Na nosa sociedade actual constantemente estamos facendo algo produtivo, porén, o que non é útil tamén é importante. É importante para non vivir unha vida baleira dedicada a ser útil. Cremos que temos liberdade de elección, mais *podemos estar servindo cegamente a un sistema ao que lle somos útiles.*

Conclúe en que os nazis non eran monstros. Na Segunda Guerra Mundial mostrouse a faceta máis baixa da condición humana. Coa obxectificación das persoas construíronse "fábricas" ao servizo da produtividade. Ese pensamento instrumental, burocratizado, era a matanza de xudeus. Era tomado como una empresa capitalista. Os xudeus para Eichmann eran tan só números, estatísticas, unha forma de ascender laboralmente. "Non se morrían, fabricábanse cadáveres", como dixo Arendt.

Con isto non se está expiando a Adolf Eichmann. Explicar non é estar de acordo, porque pode parecer que ao comprender os motivos e causas se redime ou deixa de ser tan grave. Mais non é así. O mal radical excede a nosa capacidade de comprensión. Por iso o colocamos no punto máis extremo, porque é o peor mal. Mais ao explicalo humanízao. Ese é o problema, o humano crea o mal, e ao acusalo de inhumano os humanos non nos facemos cargo de que somos humanos, que ao pensar ou non facelo podemos cometer os peores crimes da historia. Calquera podería ser Eichmann.

DANDO A CARA POR UN LIBRO

Co gallo do Día do Libro a biblioteca do centro convidounos a participar no RETO BOOKFACE. Resultou moi divertido xogar coas portadas para conseguir fotografías orixinais. Prema no seguinte enlace e anímate a facer o teu propio Bookface https://youtu.be/ceMb_DljIGE. Unha pequena mostra:



Tamén houbo un sorteo de agasallos entre os participantes do noso particular BOOKFACE.

CONTOS CON MÚSICA NA BIBLIOTECA

Hoxe visitaron a nosa biblioteca Pepe Sendón e Marcos Teira coa súa proposta cultural de Liñas Paralelas. Nesta actividade mestúranse a narración oral e a música, creando unha especial atmósfera a luz das candeas. Os relatos de hoxe tiñan como fío conductor o mundo do traballo e as situacións ás que se enfronta ao longo da súa vida un traballador.

Tivemos ocasión de escoitar relatos de moitos autores, entre eles, Rafael Dieste, Donald Barthelme, Heinrich Böll, Víctor Giudice, Primo Levi e Pippa Goldschmidt.

Como gañar o teu posto de traballo nunha empresa que valora a iniciativa e o dinamismo aínda que non sabes a que se adica? Como responder cando se che esixe facer máis daquilo para o que fuches contratado? Que se sente cando non entendes en que consiste o teu traballo e, por extensión, a túa vida? Como reaccionar cando o teu traballo sae mal a pesar das túas mellores intencións? Como é posible que cantos máis anos pasas no teu posto, máis emperoren as condicións do teu traballo?

É posible sentirse só e alienado rodeado de compañeiros no teu moderno e agradable local de traballo?

Todas estas preguntas encontran unha resposta, ás veces tráxica, ás veces cómica ou sarcástica nestes casos de ficción que ben poderían ser verdade...

DESPEDIDA DO CLUB DE LECTURA

O día 23 de abril aproveitamos a celebración do Día do Libro para despedir no club de lectura a algunhas das nosas alumnas de segundo curso. Aquí temos a imaxe: mozas lectoras ás que lles desexamos unha vida chea de moitísimos libros. Se o noso club proporciona novas razóns para aumentar o seu afán lector, tarefa cumplida!! Non se pode celebrar mellor o Día do Libro.

A festa rematámola comendo a nosa tarta resumo das lecturas do ano.

Só queda despedirse ata o ano que ven.

VISITA DO ALCALDE DO CONCELLO DE CULLEREDO

O alcalde do Concello de Culleredo, José Ramón Rioboo, realizou unha visita institucional ao noso Centro, fixo un percorrido por as amplas instalacións e firmou no Libro do Centro en presenza do noso Director Miguel A. Penas Rojas e da Concelleira de Educación, Carmen Varela. Nesta visita reforzáronse os compromisos de colaboración e mostramos o orgullo e a responsabilidade de ser un centro de referencia na Formación Profesional en Galicia. Seguimos traballando con gran entusiasmo en todos os proxectos en marcha.

RECOMENDACIÓNS PARA LER ESTE VERÁN

Se queres que os demais che digan o que tes que facer, non leas. Se queres que os demais che digan o que tes que pensar, non leas. Se queres que a publicidade che diga o que tes que mercar, non leas. Se queres vivir coma un robot que outras persoas programan, non leas. Non leas, porque a lectura é incómoda. Non leas porque a lectura che revolve a cabeza. Non leas porque a lectura te pon contra as cordas. Non leas, porque a lectura é rebelión. Así que, por favor, é mellor que non leas.

Fran Alonso

SE QUERES...

biblioteca UNIVERSIDADELABORAL

Ler para reflexionar e comprometerte

Ler para namorar

Ler para quedar sen alento

Ler para viaxar

Ler o que outros censuran

Se queres que os demais che digan o que tes que facer, non leas. Se queres que os demais che digan o que tes que pensar, non leas. Se queres que a publicidade che diga o que tes que mercar, non leas. Se queres vivir coma un robot que outras persoas programan, non leas. Non leas, porque a lectura é incómoda. Non leas porque a lectura che revolve a cabeza. Non leas porque a lectura te pon contra as cordas. Non leas, porque a lectura é rebelión. Así que, por favor, é mellor que non leas.

Fran Alonso

SE QUERES...

biblioteca UNIVERSIDADELABORAL

Ler para descubrir grandes historias

Ler biografías apaixonantes



Ler sen palabras

Ler para vivir outros mundos

Ler para rir e chorar